

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE
O DÍA 24 DE ABRIL DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de abril de dous mil dezasete; as nove horas e cincoenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza , Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Sr. Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado desásete de abril do dous mil dezasete (ordinaria) .

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **DONA ROSA MARÍA DOMÍNGUEZ DA SILVA**, con domicilio en Los Almendros nº14, 1ºEsq Ponferrada (León), con número de expediente **RIB/N/54/17**. A proposta do Sr. Alcalde e visto o correspondente informe técnico de data 18.04.2017.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, relativo a parcela sita na rúa Rodríguez de la Fuente nº 18, Ref. Catastral 0217901NG7801N0001IE a solicitude de **Dona Rosa María Domínguez Da Silva**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

SOLICITUDE DO COMITÉ DE EMPRESA DO PERSOAL LABORAL.-

- O comité de empresa do Persoal laboral solicita convocar mesa de negociación e tratar o tema da antigüedad, acordase acceder e que se efectuará a convocatoria nun prazo breve.



4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes :

-Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil denegando a solicitude de declaración responsable para a navegación de embarcación a motor de 60 CV no embalse de Frieira, Castrelo y Albarelos.

-Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil autorizando as obras de execución de fiestras, barandillas e pintura exterior a dona María José Macías Chousal.

-Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil legalizando, no seu ámbito competencial, a construción dun peche perimetral na marxe esquerda do arroio do Mendo a don Julio Gregorio Vázquez.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando o cambio de titular do establecemento Café Bar O Morto.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BASES DE PROFESOR DE PIANO DO CONSERVATORIO, CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN POR BAIXA MÉDICA

A xunta de goberno local en sesión de 27 de marzo de 2017 adoptou o seguinte acordo :“Considerando que en data próxima , antes do inicio das vacacións de semana santa vaise producir a baixa médica de dona M.T.R.V., profesora do conservatorio de Ribadavia que imparte clases de piano e música en movemento.

Considerando que existen alumnos matriculados nas materias impartidas pola devandita profesora , o dereito dos alumnos e alumnas a continuar percibindo a impartición da asignatura e, co obxecto de garantir a adecuada continuidade na prestación do servizo.

Visto o artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores:” poderán celebrarse contratos de duración determinada nos seguintes supostos: c) cando se trate de substituír a traballadores con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que no contrato de traballo se especifique o nome da substituída e a causa da súa substitución.

Considerando que o concello dispón dunha lista específica de posibles substitutos resultantes do proceso selectivo efectuado para a contratación de profesor/ profesora de piano.

A xunta de goberno local , por unanimidade dos asistentes acorda:

Efectuar un ofrecemento ao seguinte candidato/candidata da lista específica de posibles substitutos resultantes do proceso selectivo de profesor/a de piano a efectos de formalizar co mesmo un contrato de interinidade por substitución por baixa médica ,dende a data efectiva da baixa médica da profesora de piano dona María Teresa Rodríguez Vázquez ata a data de alta da mesma.” Non resultando posible a cobertura do posto da traballadora en baixa médica por dito medio, resulta necesario efectuar un proceso selectivo.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1 Bases de selección asinadas polo alcalde de data 24.4.2017.
- 2 Informe xurídico de data 24.4.2017.

A xunta de goberno local, tras deliberar sobre o particular, acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder á convocatoria e aprobación das bases de selección de persoal.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO